



CONCELLO DE REDONDELA

SECRETARIA/mdtg

PALOMA MENO RODRÍGUEZ, SECRETARIA XERAL ACCTAL DO CONCELLO DE REDONDELA,

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello, na sesión extraordinaria urxente celebrada o dous de xullo de 2015, aprobou, entre outros, o seguinte asunto:

“4.- PROPOSTA SOBRE CREACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE PERSOAL EVENTUAL.

ANTECEDENTES

Proposta da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015, que transcrita di:

Visto o disposto nos artigos 104 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 29 da Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia (LEG) teño a ben propor ao Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo en relación ao asunto de referencia:

1. Crear dous postos de natureza eventual coas seguintes características:

➤ **Coordinador/a xeral de concelleiros/as**

Características e retribucións: Xornada completa. As retribucións brutas anuais do citado posto serán de 25.000 euros brutos en 12 mensualidades que incrementaranse na mesma porcentaxe que no seu caso sinale a correspondente lei de presupostos xerais para os funcionarios públicos.

➤ **Coordinador/a actuacións de transparencia**

Características e retribucións: Xornada completa. As retribucións brutas anuais do citado posto serán de 21.000 euros brutos en 12 mensualidades que incrementaranse na mesma porcentaxe que no seu caso sinale a correspondente lei de presupostos xerais para os funcionarios públicos.

2. Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal vixente (aprobado xunto co orzamento para o exercicio de 2014 e actualmente prorrogado) aos efectos de axustalo ao presente acordo e incorporar o posto de persoal eventual de Coordinador/a actuacións de Transparencia sometendo a información pública este acordo concreto polo prazo de 15 días facendo constar que, de non presentarse alegacións entenderase aprobada definitivamente a modificación de conformidade co procedemento establecido polo artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

3. Determinar que a efectividade destes acordos condiciónase á existencia de consignación orzamentaria suficiente.

INTERVENCIÓNS.- (...)

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría do concello Pleno, 8 votos a favor do PP, 7 en contra (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG) e 5 abstencións (4 de AER e 1 de Redondela PODE (PODER)).



CONCELLO DE REDONDELA

E, para que conste, expido e asino a presente certificación, coa advertencia sinalada no artigo. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de atoparse pendente de aprobación a acta que contén este acordo, e a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, de orde e co visto e praxe do alcalde, en Redondea a tres de xullo de 2015

